

Os sindicatos da Mesa Sectorial acordan iniciar un calendario de mobilizacións ante a vulneración que fai a Consellería de Sanidade do acordo do 20 de abril de 2023

A primeira concentración será o 12 de decembro ás 11 horas, nas entradas principais dos centros de saúde

O SERGAS acaba de emitir, **de xeito UNILATERAL**, unhas instrucións para aplicar o acordo do 20 de abril no ano 2025 que empeora o acordo asinado coas Organizacións Sindicais, xa que recolle a **OBRIGA** de realizar xornada os sábados pola mañá para determinadas categorías profesionais.

Isto significa que algunhas categorías profesionais **non teñen dereito efectivo a ter unha xornada de 35 horas**. O que si recoñece a instrución é un incremento retributivo pola realización destes sábados.

As Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial, **CIG-Saúde, CSIF, CCOO e UGT** defendemos que as carteleiras de traballo do persoal con quenda fixa de mañá ou tarde teñen que conter 35 horas, SEN sábados.

Na pasada Mesa Sectorial as Organizacións Sindicais exiximos a eliminación dos sábados das carteleiras, e que se creara un **sistema regulado e transparente de voluntariedade** para a súa cobertura, de aplicación similar en todas as Áreas Sanitarias.

Hai varias **partes do acordo que quedaban para unha posterior negociación**, que nunca se chegou a dar, e que **o SERGAS segue obviando**.

Ante esta situación, CIG-Saúde, CSIF, CCOO e UGT acordan convocar unha primeira concentración, o día 12 de decembro ás 11 horas, nas entradas principais de tódolos centros de saúde de Galicia.

Non vai ser unha mobilización illada senón que irá enmarcada nun **calendario de mobilizacións, en Atención Primaria e Hospitalaria**, ata que o SERGAS convoque unha **reunión extraordinaria e urxente da Mesa Sectorial e se pacte a forma de aplicar** o acordo do 20 de abril asinado coas Organizacións Sindicais.

